

56

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

7 ou máis participantes
30 minutos

Desafío

Grupo. Coordinación. Comunicación

PLIF PLOF (CAMPO DE MINAS)

MATERIAIS

Papel e rotulador para facer mapa representando o campo de xogo.

ESPAZO

Espazo con chan de baldosas.

DESCRIPCIÓN

Os educadores identifican un chan con baldosas e trazan nun papel un camiño imaxinario que as percorra dun lado ao outro.

Os participantes sitúanse nun extremo do campo de baldosas e son convidados a chegar á outra beira.

Só un camiño é válido, e deberán atopalo entre todos.

Só unha persoa pode estar no camiño de cada vez, aínda que pode recibir axuda de todo o grupo.

Cando a persoa pise unha baldosa correcta, o educador que ten ante si o mapa dirá “PLIF” e esta persoa poderá seguir avanzando ata unha baldosa adxacente. No momento en que a persoa no camiño pise unha baldosa incorreccta, o educador dirá “PLOF”, e a persoa no camiño debe volver ao inicio e dar paso á tentativa dunha nova persoa do grupo.

O obxectivo é que todas as persoas do grupo atravesen correctamente polo camiño. Para logralo deben prestar atención ás descubertas entre todos a base de ensaio-erro.

